

6.- SE O SEU FILLO OU FILLA TEN DIFICULTADES

ESPECIAIS.

- Se o seu fillo/a ten dificultades especiais, non debe preocuparse. Polo xeral esta información pásase ós novos mestres/as e dende o comezo se teñen en conta por si necesitara algún tipo de apoio educativo.
- En todo caso é convinte que canto antes marque unha cita co novo titor/a, onde lle recorde, por exemplo se o seu fillo/a ten un infor,e psicopedagógico, as dificultades que presenta ou que medidas se adaptaron ata o de agora.


7.-ACUDA ÁS REUNIÓN S E MANTEÑA O CONTACTO CO

TITOR/A.

- Nas primeiras semanas, hai unha reunión informativa coas familias para informar sobre o comezo do curso e a organización do grupo.É de suma importancia que acuda a esa reunión, para poder informarse e plantexar as dúbidas que estime convenientes.
- Son importantes as reunións cos titores, xa que deste xeito poderá coñecer de primeira man a adaptación do seu fillo/a á nova etapa, os logros, as dificultades....

O PASO DE INFANTIL A PRIMARIA

INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

ANTES DE COMEZAR DEBEMOS SABER QUE....

1. *Para os nenos/as o paso de Educación Infantil a primaria é un cambio significativo que pode ter diferentes implicacións:*
 - *Cambian de titor/a.*
 - *Van ter máis profesores.*
 - *O método de traballo na aula é diferente.*
 - *Ten novas asignaturas.*
2. *Pero este cambio non ten porque ser vivido como algo negativo. Para moitos rapaces é un signo evidente de que se están a facer maiores, e isto para eles é reforzante.*
3. *A continuación ofrecense algunhas pautas ás familias para que o traspaso sexa o máis levadeiro posible:*

1. ENVIEN MENSAXES POSITIVAS SOBRE A NOVA ETAPA.

- Fálennles da nova etapa con mensaxes de ilusión e posibilidades.
- Poden resaltar todo aquilo que vai aprender, as asignaturas, os contidos... todo dende unha visión positiva.

2. NON UTILICEN PROFECIAS NEGATIVAS.

- Deben evitar mensaxes negativas como “vaste enterar cando comeces en primeiro” ou “se segues así vas supender e terás que repetir”
- Este tipo de comentarios e ameazas non melloran o comportamento e a actitude de neno/a, máis ben ó contrario, empeoran as cousas.

3.- ANTICIPE DE FORMA REALISTA OS ACONTECEMENTOS.

- Conforme se vaia acercando o momento de incorporarse, é adecuado anticiparlle os acontecementos de forma realista.
- Por exemplo, que vai seguir cos mesmos compañeiros, que vai cambiar de titor/a...
- En primaria comezan a ter deberes e tarefas para a casa. Anticipello, pero evite os comentarios negativos ó respecto.

4.-DEIXE QUE O NENO/A EXPRESE OS SEUS MEDOS E PREOCUPACIÓNS.

- Algúns nenos viven este cambio con ansiedade e preocupación; faciliten que exprese e manifeste os seus temores.
- Escoiteos sen criticar, xulgar ou quitar importancia. Intente razoar e afrontalos de xeito realista.

5.- OS PRIMEIROS DÍAS DE CLASE.

- É preciso estar especialmente atento os primeiros días de clase ós seus comentarios e actitudes.
- Compartan co neno/a esos primeiros días con ilusión: revisando os novos libros, o novo material....
- Animeo dende o principio a dedicar un tempo diario ó traballo escolar na casa; isto fará que o día de mañá adquira hábitos de estudo